


En O bosque é grande e profundo, Manuel traballou tanto as súas frases, apostou tanto esforzo na idea literaria que ten na cabeza, que o seu fraseo, cando o les, é un ferro incandescente, vivo, case animal.

A cada frase, unha novela

Juan Tallón **Texto**



Da narrativa de Manuel Darriba (Sarria, 1973) non se sae como se entra. Polo medio, pasa algo. Ese algo resulta case físico. É unha percepción que experimentas axiña: na primeira lectura da primeira novela. Na primeira frase, incluído. Inmediatamente tes a sensación de que as cousas non ían ser tan sinxelas como pensabas, se é que pensabas algo. Nos primeiros parágrafos xa advirtes que non é un autor común. Prodúcese un extrañamento. A súa vitoria sobre o lector ven dada por dúas razóns: a súa linguaxe minimalista, que te abraza se lle pos ollos enriba, e o impacto dos seus temas e das situacións que elixe para desenvolverlos, que te rematan. Da igual cara a onde mires, a súa pegada está sempre aí: no fondo e na forma.

Se tivera que sinalar a obra na que mellor se observan estes fenómenos, claramente sería *O bosque é grande e profundo*. Para chegar ata aí, Manuel tivo que facer evolucionar

moito a súa narrativa. Hai un traballo case científico nese proceso. En certo senso, facer evolucionar unha prosa non é moi distinto de facer evolucionar un motor, para mellorar as prestacións, a potencia, o consumo, etc. Traballou tanto as súas frases, apostou tanto esforzo na idea literaria que ten na cabeza, que o seu fraseo, cando o les, é un ferro incandescente, vivo, case animal.

A frase de Manuel non admite concesións. Non hai por onde collela para descansar, no senso que ferve por todas as esquinas, e todos os puntos de contacto son perigosos. É como esas potas vellas, que están catro horas o lume, co caldo, e que non lle podes tocar coa man.

Na súa frase hai sempre moita tensión, como se viaxase por ela algún tipo de corrente de alta voltagem. ¿Non sei se coñecedes ese son que provoca ás veces a electricidade. Soan incluso cando están caladas. É perturbador. Sirven o mesmo para abriche un mundo, que para pecharte dentro del. E iso é moi difícil de conseguir. Unha frase sempre abre algún tipo de porta, provoca unha apertura do lector á realidade que o autor lle describe. Pero é que ás veces o autor tamén quere que esa frase coa que che abre o seu mundo, sirva para pecharte dentro, nunha especie de secuestro. Así é como se consegue o desacougo, con esta clase de frases ademais de iluminar, escurecen.

En cada frase comeza unha novela nova. Hai sempre unha clase de ruptura entre unha oración e a seguinte, como se o autor escribira cunha man e con outra manexara un machado co que vai dando forma aos parágrafos. En cada frase renovase o relato, hai unha especie de volver a empezar, de fundar outra novela. E sen embargo, todo flúe e produce unha agradábel sensación de harmonía.

En relación aos seus temas, Darriba é unha clase de autor que descende ás partes máis escuras do individuo. Eu aquí é onde máis noto a pegada dos seus estudos filosóficos, e ese enfoque profundamente moral que posúen as súas propostas narrativas. Baixa a onde poucos chegan, e leva un foco na man, para ver mellor os vínculos que establecen uns individuos con outros en situacións límites. Narra dende o fondo, digamos, as relacións de poder entre as persoas.

—A limpeza da súa frase contrasta coa narrativa do desconcerto na que se sitúa. O lector vive perplexo fronte a alienación que experimentan os personaxes diante da realidade, que os dobrega. A violencia, nas súas distintas acepcións, aboia de continuo. Os protagonistas parecen movidos por algo alleo a eles, como se non fosen en realidade eles mesmos.

Non se pode adiviñar que ocorrerá, aínda que iso que pasará intúese que será terrible. Nos seus libros hai a miúdo un conflito extremo, cruel, que acaba obrigando a que uns personaxes se impoñan sobre outros dun modo implacable, violento, o que produce no lector a impresión de estar asistindo a unha especie de western, por outros medios.